

O escritor quere pechar a polémica asegurando que foi un «comentario irreflexivo»

# Steiner descúlpase dicindo que é «apaixonado defensor das linguas minoritarias»

Insiste en que «os chauvinismos rexionalistas ameazan agora a unidade de España»

**Camilo Franco**


SANTIAGO | George Steiner enviou onte ao Pen Clube unha nota de desculpa polas súas palabras nunha entrevista a un diario madrileño que menosprezaba a lingua e a cultura galega. As súas palabras levantaron unha onda de recrimacións por parte de colectivos culturais do país e provocaron tamén unha intensa polémica entre o Pen Clube galego e o autor da entrevista.

Steiner decidiu onte rematar coa polémica pedindo desculpas e lembrando que el era un «apaixonado defensor das linguas e literaturas minoritarias».

Nun comunicado breve remitido polo profesor ao autor da entrevista, redactado en inglés, Steiner asegura que «como demuestra o meu libro *Después de Babel*, son un apaixonado defensor das linguas e literaturas minoritarias. O meu comentario irreflexivo foi unha resposta ao chovinismo rexional que ameaza agora a unidade de España. Pido as miñas más sinceras desculpas».

A nota de desculpa de George Steiner tampouco deixou por completo resolta a polémica e algunos dos integrantes do mundo cultural galego sinalaban na tarde de onte que a última frase do comunicado é unha maneira de non cambiar de opinión. Na frase final explica que a súa contestación irreflexiva «foi unha resposta ao chovinismo rexional que ameaza agora a unidade de España». Para o dramaturgo e premio nacional Rubén Ruibal «esta frase é a mellor de toda a polémica». Explica Ruibal que «quizais a primeira frase de Steiner na entrevista podía ser entendida como desconocemento e ainda sendo grave podía ser un erro». Para Ruibal a contestación final do escritor «é outra maneira de non desdizir».

No mesmo sentido, Xabier Docampo preguntase se «os gallegos ameazamos a unidade de España e os cataláns que tanto admira non», pero explica que é moi difícil dixírle nada a Steiner porque «fala sempre desde unha altura na que quere facernos ver que o seu conocemento é superior, non parece que haxa forma de que cambie de punto de vista».



Steiner enviou un comunicado de desculpa ao autor da entrevista J.L. CEREJERO

Para Víctor Freixanes está ben que Steiner pida desculpas pero ao tempo pregúntase se as palabras do escritor non están pedindo que «mellorenmos a presenza internacional da cultura galega». O escritor e editor considera que o «o futuro da nosa cultura está na presenza internacional que consigamos».

A crítica literaria Olivia Rodríguez tamén é da opinión de ampliar a presenza internacional do galego «teríamos que ir invitando a máis figuras a que venían a Galicia para cubrir esas lagoas que poden ter».

O inicio desta polémica foron unha réplica de Steiner nun diario editado en Madrid na que aseguraba que a cultura galega non se podía comparar coa

catalana. Na mesma entrevista, o escritor aseguraba que algúns lle contara que na Universidade de Santiago era obligatorio falar galego e que non tiña sentido, para continuar o seu razoamento asegurando que o catalán merece ser estudiado, pero o galego non.

As palabras de Steiner foron recibidas recibidas en Galicia como un insulto es as primeiras reaccións foron as do Pen Clube e a Asociación de Escritores en Lingua Galega. No caso dos primeiros, a polémica derivou nun cruce de acusacións entre o colectivo galego e máis o autor da entrevista, unha polémica derivada á que se sumaron algúns outros integrantes do periódico madrileño.

## As dúbidas entre o desconocemento e o desprezo

A polémica arredor das declaracions de Steiner foi matizada onte por algúns dos autores consultados, que expresaron que hai unha diferenza entre desconocemento e desprezo.

Xabier Docampo asegurou que se fai «difícil crei que un especialista

ta como Steiner non tena referencias da cultura galega como para dizer o que dixo».

O narrador Riveiro Coello expresaba en termos parecidos esa idea de que alguén que pasa por ser un dos grandes especialistas internacionais «non te-

na noticias da cultura galega».

Xosé Carlos Caneiro explicou que le a Steiner «e cando o les, cuando se segue os seus razonamentos, é difícil creer que a sua contestación fose tan irreflexiva como no comunicado de desculpa».

Unha vez que Steiner pediu desculpas sen cambiar de opinión, o ideal é explicarle a dimensión da cultura galega mediante algunas recomendacións sinxelas e fáciles, como para facer un cursillo rápido de cultura do país.

**Víctor Freixanes**  
**«Tería que conhecer a literatura medieval galega»**

«A literatura medieval galega tería que ser conhecida por Steiner porque está no centro da cultura europea. Unha mínima curiosidade intelectual debería levar a Steiner a ter noticias de Cunqueiro, Seoane ou Blanco Amor. Temos que ter en conta que o canon de Steiner é anglosaxón e teríamos que ver se funcionan ben os mecanismos de difusión internacional da nosa cultura».



**Ramón Villares**  
**«Daríalle a conhecer o canon dos autores galegos»**

«Eu daríalle a conhecer o canon dos autores galegos, desde a lírica medieval, ata Cunqueiro e tamén a Ferrín ou Manuel Rivas. A Rosalía tería que conhecela porque é unha figura principal do romanticismo europeo e penso, galega ou non, que a sua obra xa tiña que ser conhecida por Steiner».



**Maria Bragado**  
**«Hai dous grandes tríos que se deben conhecer»**

«Hai dous grandes tríos na cultura galega que non poden pasar desapercibidos para os sabios. Martín Códax, Mendinho e Alfonso X por unha banda, e Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Pondal pola outra. Creo que con estes nomes chega para que unha cultura se teña en consideración».



**María do Cebeiro**  
**«Que lea a Cunqueiro e a Xiana Arias»**

«Eu proponría a lectura de Alvaro Cunqueiro e de Xiana Arias. Os dous así, de épocas diferentes, en conxunto poderían suixerlle unha lectura de situación da literatura galega».



Unha vez que Steiner pediu desculpas sen cambiar de opinión, o ideal é explicarle a dimensión da cultura galega mediante algumas recomendacións sinxelas e fáciles, como para facer un cursillo rápido de cultura do país.

**José Césica Lamas**  
**«Debería decatarse do potencial literario de Galicia»**

«Eu empezaría polas cantigas, saltaría a Rosalía e logo pasaría a Cunqueiro. Con estas tres recomendacións xa se debería decatar do potencial literario do país. Pero tamén podríamos saírnos da literatura. Eu tamén lle recomendaría toda a música folk que se está facendo en Galicia e que é das mellores do panorama internacional».



**Mercedes Gudiñas**  
**«Ofreceríalle un percorrido completo por todos os xéneros»**

«Cando algúen lle quere ensinar a unha cultura quízais haxa que ofrecerlle un percorrido. Comezaría polas *Cantigas de Amigo*, de Martín Códax, pasaria por *Follas novas*, de Rosalía de Castro. Logo poría *Merrín e familia*, de Alvaro Cunqueiro. Sería necesaria a lectura da obra poética de Manuel María, porque ten unha visión do país pero tamén pode ser unha guía de viaxe. Pasaría ao pensamento crítico de Xurxo Borrazás, os sonetos de Mariaca Campo ou *Herba moura*, de Teresa Moure. Tampouco estaría de máis ver a pintura de Urbano Lugrís, a de Luís Seoane ou a escultura de Leiro. Falaría algo de teatro, pero podería recomendarlle o novo espectáculo de Nova Galega de Danza para completar».



**Cesared Barreiro**  
**«Igual que visita o país como tantos compatriotas»**

«As recomendacións literarias están claras. Eu diríalle que lerá os cancioneiros e que se detívase na obra de Rosalía de Castro. Despois creo que Cunqueiro ao completo é unha lectura bastante indicativa da capacidade da nosa literatura. Fóra da literatura eu creo que o mellor sería que visitase o país como fan tantos compatriotas seus. Unha volta por Galicia serviría para darse conta de algúns cousas. Incluso unha visita a Santiago de Compostela podería valer. A Asociación de Escritores xa se ofreceu como guía para calquera visita que queira facer. A oferta segue en pé».



## Cultura

**Antón Riveiro Coello**  
«*Ler Blanco Amor* é unha referencia»

«Blanco Amor sería unha boa recomendación. Quizais non sexa a más inmediata ou a más canónica, pero ler a *Blanco Amor* é unha referencia que pode situar dunha soa lectura ata onde chegou a literatura galega».



**Olivia Rodríguez**  
«Pensei en mandarlle un relato de Dieste»

«Cando lin esta polémica sentime moi defraudada da actitude de Steiner e pensei en enviarlle unha carta e unha copia do relato *O neno suicida*, de Rafael Dieste. Creo que lendo este relato xa tería unha idea da dimensión da literatura galega. Pero también poderíamos tomar nota do que sucede e podíamos ir invitando a Harold Bloom a Galicia e traducindo algo del para que non se repita este desconocimiento».




**Xabier Decampio**  
«O nacionalismo cúrase viaxando»

«Eu diríalle que viaxase porque o nacionalismo cúrase viaxando. A outra recomendación é que se rele a si mesmo porque se, como el di, na súa obra defende ás linguas minoritarias, quizais ao relerse entenderá as cousas que dixo. Logo, tamén lle podería decir que escoitase toda a música brasú que poida para convencerse de que somos un pobo bárbaro, que seguramente é a súa idea de partida. Quizais eu lle pediría que pensase en devolver o Premio Príncipe de Asturias porque tamén en Asturias tentan expresarse en asturiano. Pero en serio, eu diríale que lese *Merlín e familia* para comezar a entender a cultura deste país».



**Bebéu Ruibal**  
«Que lea "Rastros", de Roberto Vidal Bolao»

«Creo que lendo *Rastros*, de Roberto Vidal Bolao, learía teatro galego bo e podería entender que os malos non son tan malos nin os bons tan bons. Serviríalles para saber e tamén para conñecer».



## Chick Corea y John McLaughlin actuarán en A Coruña

La Voz

REDACCIÓN | Chick Corea & John McLaughlin Five Peace Band actuarán el próximo 19 de noviembre en A Coruña, en uno de los tres únicos conciertos que esta formación ofrecerá en España dentro de su gira mundial. Organizado por la Fundación Pedro Barrié de la Maza para dar continuidad a su programación musical de jazz como complemento del ciclo anual que es-

te año ha celebrado su decimotercera edición, la entrada será gratuita previa retirada de las invitaciones.

El concierto tendrá lugar en el Palacio de la Ópera de A Coruña en la fecha indicada, a partir de las 20.30 horas.

Con Chick Corea y John McLaughlin estarán Kenny Garrett al saxo, Christian McBride al bajo y Vinnie Colaiuta a la batería.



John McLaughlin y Chick Corea

# Disney Channel por fin para TODOS

Ahora en

**CAMP ROCK**

estreno 20 sept. 20 h.

[www.tdisneychannel.es](http://www.tdisneychannel.es)